



As Celtas compartiron momentos especiais co alumnado da nosa Aula Hospitalaria

Páx. 4



Os medios fanse eco da importancia da Atención Educativa Domiciliaria

Páx. 22

10 anos facendo escola na Aula do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo

Facemos unha ollada ao pasado e presente da Aula Hospitalaria do HAC

PÁX. 2/3



Sumario

Somos Escola:
visitas e actividades especiais

PÁX. 2-9



Somos hospital:
entrevistas e opinións das familias

PÁX. 10-14

Cunqueiro Mix:
cultura na nosa aula

PÁX. 19-27



SUPLEMENTO


Desde dentro
O alumnado ten a palabra

PÁX. 15-18

FREE TOUR

Coñecendo a cidade:
Vigo

PÁX. 24-25



OBRADOIRO

Ángel: "É posible comer
rico e saudable"

PÁX. 13



DEPORTES

Leo e Olivia: acalorado
debate futbolístico

PÁX. 28/29



COLABORAN





O corazón educativo do HAC celebra o seu décimo aniversario

Durante dez anos, este espazo educativo dentro do hospital converteuse nun refuxio de aprendizaxe, afecto e esperanza para os nenos e nenas hospitalizados



Aula hospitalaria del Álvaro Cunqueiro.

CHUS / Vigo

En xuño do ano 2015 abre as súas portas o Hospital Álvaro Cunqueiro, rematando en setembro o traslado da Aula Hospitalaria que xa funcionaba no Hospital Xeral, nun principio sen espazo axeitado para tal fin, e só cun dos dous docentes que nel traballaban.

Pronto melloran as circunstancias e se estabilizan espazos e atención educativa, pasando de novo a ser atendida a AH por dous docentes, ata que no curso 2020-21 se amplía definitivamente a unidade, pasando a ser a sede da Atención Educativa Domiciliaria e cun equipo total de 14 docentes ao remate dese curso, 12 dos cales asumen a función de darlle a clase nos domicilios daquel alumnado que por razóns de saúde non pode acudir ao seu centro educativo de referencia, tal e como establece o protocolo.



QR ao protocolo de Atención Educativa Domiciliaria.



Primeiro equipo de AED e AEH. Curso 2020-21.

Na actualidade o número de docentes na AED experimentou unha redución considerable, xa que salvo en casos excepcionais, ao alumnado da ESO, concédesele atención educativa virtual, pasando pois a atender nos domicilios ao alumnado de Educación Primaria e puntualmente tamén a algún de Educación Infantil.



Equipo actual de AED e AEH. Curso 2024-25.

No curso 2023-24 inaugúrase no Hospital Álvaro Cunqueiro a Unidade de Saúde Mental Infanto Xuvenil, e unha docente do equipo pasa a atender ao alumnado que se atopa ingresado nesa planta, incrementando no actual curso 2024-25 as súas atribucións, ao acudir, tamén de xeito diario, ao Hospital de Día de SMIX do Nicolás Peña.

Na planta de Pediatría atópase a propia Aula Hospitalaria, á que acode todo o alumnado ingresado na planta 3 con permiso dos facultativos, e nela a xornada divídese en dúas sesións ben diferenciadas: primeiro se traballan (en coordinación cos centros educativos de referencia en ingresos medios e largos) contidos curriculares, tarefas académicas, incluso probas de avaliación, etc e ao remate se traballan aspectos educativos e emocionais de xeito máis lúdico, inclusivo e motivador, dada a moi considerable diversidade que se ten na AH (diferentes idades, cursos, centros educativos, circunstancias persoais e de saúde, etc).


Se no mes de marzo os coles adoitan facer xornadas de portas abertas, a escola do Cunqueiro ten as súas sempre abertas de par en par: o noso alumnado pode entrar e saír en calquera momento da xornada académica, na maioría dos casos según os horarios de probas, tratamentos ou visitas médicas.



Alumnado traballando fóra da aula.



A aula hospitalaria por dentro. Nunca temos un día parecido ao anterior: ás veces a aula está chea a rebozar e outras non tanto, pero sempre hai "bailarinas" (os carriños de suero), cadeiras de rodas e mans vendadas que precisan un "paréntese", pero aínda con todo iso, as ganas de traballar, compartir risas e xogar superan calquera traba!



O cole nas habitacións. E cando alguén non pode ir á aula por estar en illamento ou inmovilizado, as profes acoden alí coa mesma dinámica que na Aula: traballo académico pero tamén partidas de xadrez, xogos de todo tipo, manualidades...

O que nunca falla é a motivación e o traballo, xa que non deixamos de sentir un plus diario de ánimo e estímulo ante a certeza de que temos un alumnado que sempre está desexando que abra a aula ou que entremos nas habitacións ou nas súas casas! Cómpre dicir tamén que a maiores de poñernos en contacto cós centros educativos, na medida do posible, procuramos ter información e coordinación cos profesionais sanitarios de xeito practicamente diario, o mesmo que coas familias.



Mar e Chus na sala de profes, onde se fan as reunións de traballo, coordinacións cos centros educativos...



Equipo de atención educativa domiciliaria e hospitalaria. Curso 2023 - 24. O equipo estaba formado por 8 mestras e mestres.



Equipo médico e equipo docente con Susana Rodríguez Gacio, madriña da biblioteca da aula hospitalaria.



Mencía, alumna de atención educativa domiciliaria, participa nunha sesión na que conta co acompañamento da docente para avanzar no seu proceso de aprendizaxe.



As Celtas. Sen dúbida, o ano delas. Foron recibidas con moita admiración. Contestaron a todas as preguntas e curiosidades con moito cariño e simpatía.



Entresignos. Unha experiencia moi enriquecedora que esperta o interese por aprender a lingua de signos.



Discamino. Historias cheas de superación persoal, de valentía, forza e paixón pola vida.

Unha morea de amigos/as

Na escola sempre ocorre algo máxico porque existen persoas máxicas.

Visitas de todo tipo que aledan os días e fan as estancias máis levadeiras.

Música, teatro, maxia, concertos...hai de todo tipo! Aquí se amosa unha compilación dalgunhas das actividades que se disfrutaron grazas a colaboración desinteresada de todas estas persoas que dan sempre un chute de forza e alegría.



Grupo Antorcha. Sorprenderon a toda a vela de pediatría cun concerto no que repasaron todos os clásicos de Nadal.



FOTO DO FARO DE VIGO

CEIP Josefa Alonso. Viñeron cargados de contos e música para compartir unha mañá máis que divertida.



CMUS. Os compañeiros do Conservatorio ensinando como soa un bombardino cun estupendo concerto de Nadal.



Bomberos. O último venres de cada mes os bombeiros visitan a escola e as habitacións. Ensinan como é o seu traballo, contan algunha anécdota (algunhas divertidas e outras moi perigosas), e incluso prestan o seu casco e traxe para quen teña en mente converterse a esta profesión cando sexa maior.



CMUS: decenas de persoas acoden á aula ao escoitar unha preciosa voz acompañada dunha melodía que inunda toda a vela.

Milleiros de visitas

"É imposible poñer todas as visitas que recibimos durante o ano porque non nos chegaría un periódico enteiro. Esperamos que ninguén se enfade se non se ve nestas páxinas"-declaran entre risas, as mestras do Cunqueiro.




"Tres Chatos": "Hay poco Rock and Roll" dicían os Platero. Nada que ver coa aula, onde deron boa mostra de que si o hai.



Miguel Anxo Alonso. O escritor do sorriso eterno chega a aula e envolve a pequenos e maiores na súa paixón.



Galiclown. "A piques estiven de facerme pis"- declara Raquel, moi seria, despois dun ataque de risa a causa destes doutores tan estraños.



Alba, bióloga. Día do Amor e da Amizade. Que é o amor? Que son as hormonas? Esta estupenda bióloga residente en Madrid explica o que lle pasa ao corpo coas diferentes emocións. Aproveitou tamén para ensinar como funciona o corazón dos diferentes animais.



Acodos Teis. A atención a diversidade é un punto clave para que a nosa sociedade avance. Historias de persoas resilientes.

"Gústame que veñan outras persoas a visitarnos, porque sempre nos ensinan algo novo"- Sofía, 12 anos.

"Non me esperaba que aparecese un mago. Foi divertidísimo e aínda enriba libreime de facer os deberes que me mandaron do cole"- Martín, 10 anos.

"Contarei no cole que coñecín a unha escritora famosa"- Alicia, 7 anos.



San José da Guía. Unha sesión de maxia e ciencia co alumnado do Ciclo de Educación Infantil.



Azucena Arias. A escritora falando do seu libro: "Debaixo dun parasol". Conta con paixón como se inspira para escribir e crear aos personaxes.



O Mago Cali. Ás veces pálpase o medo na aula: nenas/os e profes temen que algún día os fagan desaparecer.



Polo Correo do Vento. Polo Día da Ilustración, as aventuras e desventuras ilustradas dun simpático pingüín deixan aos nenos e nenas coa aberta durante un bo rato.



Concerto de Magín Blanco. Historias cantadas, cheas de paixón e sentimento pola música.

Música, contos, e milleiros de historias

"Gustárame destacar a gran variedade de actividades que ofertan a Aula Hospitalaria e o Hospital. Sempre hai algo no que os nenos e nenas poden participar"-Mamá de Alejandro, de 6 anos.



Concerto de Clara Pino e Pablo Vidal. A arpa e o contrabaixo mestúranse con marabillosas voces, relatos e poemas.



Anxo Fariña visita a aula polo DILI (Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil) . (Máis info no suplemento)



Teatro. Visita a aula o alumando do Colexio Montesol cunha obra de teatro ben interesante sobre a concienciación da doazón de sangue e órganos.



Experimentos do CUVI. Todos os luns pola tarde, o alumnado do CUVI de Enxeñaría Biomédica visita a Aula para ofrecer uns experimentos ben interesantes. Promoven a investigación científica entre o alumnado de xeito divertido.



Centro de Día de Valadares. Ofrecen diferentes obradoiros de papiroflexia e outras actividades. É fermoso ver como os cativos comparten tempo con estes maravillosos avós e avoas.

Tardes de hospital

"Gústame moito vir polas tardes, fánseme máis curtas e amenas"- Rocío, 9 anos.

"Onte veu emocionado cunha flor de papel que fixo con Adri, María e Alejandra(ASANOG). Ver ao meu fillo feliz no hospital é grazas a todos vós"-Mamá de Ismael, de 4 anos.



Voluntarios da Cruz Vermella traen diferentes formas de facer as tardes máis levadías.





Visita do Celta de Vigo. Non fai falla dicir o que significa o Celta. É unha das visitas máis esperadas do ano, onde o hospital enteiro se "revoluciona" un chisco. As caras dos pequenos (e non tan pequenos) son a mostra dun sentimento.



Fundación Theodora. Compartindo voo cos mellores tripulantes e a imaxinación como brúxula, di a Doutora Pomada.


Sorpresas e máis sorpresas

"Flípei en cores cando vin aparecer a Iago Aspas na miña habitación"- Ana, 8 anos.

"Normalmente non me gustan as sorpresas, pero todas estas visitas encántanme. Estou sempre esperando a ver quen chama á porta"- Daniela, 10 anos.



Bicos de Papel. Visitan a aula e as habitacións, sempre ben acompañados!



Escola de Familias. En colaboración con FOAMPAS, comézase este ano a organizar diferentes charlas de apoio ás familias.



Mia Mandarina. Un montón de axendas fixo chegar á aula a tenda de Mia Mandarina, para estar sempre ben organizados/as.



ADRIÁN (PERSOAL SOCIOEDUCATIVO)

Cando era pequeno quería ser veterinario, pero ao final a vida guioume cara á educación. Agora traballo en ASANOG.



ALEJANDRA (PSICÓLOGA ASANOG)

Eu de pequena soñaba con dúas cousas: ser veterinaria e cantante. Ao final quedei co de escoitar aos demais e entender como se senten... así que algo de artista tamén hai nisto de ser psicóloga!



GABRIELA LÓPEZ (ENFERMEIRA)

De pequena quería ser pluriempleada: mestra pola mañá e dona dunha tenda pola tarde. Ao final non montei a tenda... pero agora dou moitas "leccións" igual, aínda que sexa no hospital!



TERESA PÉREZ (TCAE)

De pequena tiña clarísimo o meu futuro: eu ía ser artista! Andaba pola casa cantando "Mamá, quero ser artista!"... pero resulta que se me dá mellor coidar que cantar. Así que agora son TCAE e deixo as actuacións para a ducha.

Cóntame: Soños de pequeno, realidades de maior

REDACCIÓN / AH

No Hospital Álvaro Cunqueiro, os soños de infancia e a realidade adulta danse a man nesta sección chea de humor e nostalgia. En "Cóntame", mergullámonos no pasado do persoal do hospital para descubrir que querían ser de pequenos e en que se converteron realmente.

Desde enfermeiras que soñaban con ser cantantes ata mestras que querían ser deseñadoras roupa e non de soños, cada historia vén acompañada dunha foto da súa infancia e dunha breve reflexión sobre o camiño que os levou ata aquí. Porque ás veces a vida dá voltas inesperadas... pero sempre cun final interesante!



LAURA (MESTRA)

De pequena quería ser profe... e mira ti, aquí estou hoxe, sendo profe!



Mª CARMEN (ENFERMEIRA)

Non tiña moi claro a que me quería adicar, pero os animais eran a miña paixón e sempre estiven en contacto co mundo da agricultura. Polo que seguramente querría ser veterinaria.



MARÍA (PERSOAL SOCIOEDUCATIVO)

De pequena quería ser médica, pero a vida levounme por outro camiño. Agora son profe en ASANOG, axudando e acompañando aos pequenos no seu día a día.



MÓNICA BARRAL (ENFERMEIRA)

Non soñaba con ningunha profesión en concreto, pero sempre me entendín ben cos nenos e tiña claro que quería facer algo relacionado cun labor social. A miña materia favorita era bioloxía, así que mesturei as dúas cousas e atopei o traballo idóneo.



VIRGINIA (ENFERMEIRA)

Eu quería ser princesa. O plan era bo, pero claro, non hai moitas ofertas de emprego para iso. Como sempre fun moi racional, decidín que sería médica de nenos ata os 3 anos.



SARA VERA (MESTRA)

De pequena encantábame a moda e soñaba con ser deseñadora. Hoxe en día, mira ti por onde, son mestra! Non debuxo vestidos, pero axudo a debuxar futuros... que tampouco está nada mal!



NIEVES (PEDIATRA)

De pequena quería ser médica... e conseguino! Iso si, non me avisaron de que as gardas veñen no lote...



RITA (ENFERMEIRA)

Cando era pequena quería ser mestra, porque tiña unha profe que admiraba moitísimo. A vida dá moitas voltas, e agora son enfermeira. Iso si, sigo ensinando cousas todos os días, pero con bata e sen pizarra.



MARÍA (MESTRA)

Eu quería ser arqueóloga ou perruqueira... e ao final rematei sendo profesora. Non desenterro pezas antigas nin fago peiteados de moda, pero ensinar tamén ten o seu aquel de aventura.



TANIA (ORIENTADORA)

Nos meus comezos quería ser mestra, logo soñei con ser cirurxiá cardiovascular... pero ao final funlle fiel á miña vocación infantil (ou á miña pouca tolerancia ao sangue).



CHUS (MESTRA)

De moi enaniña, dependía do libro que estivese lendo... O meu era soñar esperta! E xa de adolescente, dubidaba entre ser profe ou pediatra... Ao final, quedei cos nenos igual, pero sen bata branca!




TERESA (MESTRA)

Eu quería ser masaxista e acabei sendo profe... Algo de mans sigo usando, pero agora é para levantar ánimos en vez de nós musculares!



MAR PORTUGUÉS (PEDIATRA)

Desde pequena xa quería ser pediatra, porque os nenos espertábanme tenrura e ganas de coidalos. Ser pediatra permíteme axudar cando os nenos máis o precisan, algo moi gratificante. É unha sorte traballar nun oficio tan bonito e humano.



ELISAL (ENFERMEIRA)

De pequena quería coidar bebés ou ser cantante. A ver quen adiviña que levaba enganchado no bañador... Pista: non era un chupete, pero cantaba comigo!



CRISTINA FÍRVIDA, ANA OCAMPO, MARÍA TALLÓN/ Oncólogas do Hospital.

Adán entrevista a tres oncólogas do Hospital Álvaro Cunqueiro

As tres oncólogas, especializadas en oncoloxía infantil, falan dos aspectos fundamentais desta rama, dos tratamentos e como levan o seu día a día.

REDACCIÓN / Adán.



Adán, entrevistador.

A oncoloxía é a rama da medicina que estuda e trata as neoplasias, con especial atención aos tumores malignos ou cancro. Cristina Fírvida, Ana Ocampo e María Tallón abren os seus despachos para que Adán indague sobre as súas experiencias como doutoras.

Damos os bos días a Cristina Fírvida cunha pregunta obrigada: por que te decidiches a ser oncóloga?

"Pois porque cando estaba facendo a residencia e optei por oncoloxía pediátrica, gustoume por varios aspectos: en primeiro lugar, a nivel académico supón un reto: tés que seguir preparándote, sempre aparecen cousas novas, e parecíame moi importante para seguir crescendo. En segundo lugar, por como podes axudar a persoas que o necesitan en momentos difíciles e parecíame unha parte da Pediatría na que se podía aportar moito. E, por último, porque ademais de tratar a parte oncolóxica, hai moitos máis aspectos nos que tamén te vinculas, os aspectos emocionais que me ían facer crecer como persoa".

Que é o máis difícil e o máis bonito do teu traballo?

O máis difícil, sen dúbida, é cando tés

que dar unha mala nova ás familias, porque por moito que intentes gardar distancia é imposible e sempre levas esa dor á casa. E tamén cando hai unha circunstancia na que non podes axudar; esa frustración é moi dura.

E o máis bonito é poder acompañar aos nenos/as. Cando as cousas saen ben, poder disfrutar tamén desa victoria despois dunha longa pelexa, reconforta.

O cancro en nenos, é diferente ao de adultos?

"Si, son moi diferentes, e tamén os tratamentos, así como a forma de manexalos, sobre todo segundo a idade: non é o mesmo tratar a un neno de tres anos que a un adolescente, o enfoque é totalmente diferente".

Hai moitas novidades na investigación do cancro infantil?

Si, por sorte o cancro infantil invéstase moito, imos aumentando día a día os tratamentos que podemos ofrecer, e, sobre todo, a nivel de inmunoterapia e tratamentos biolóxicos. Hai moitas liñas de investigación, é aínda que ás veces as cousas non chegan todo o rápido que nos gustaría, hai que pensar que os procesos e os ensaios teñen uns tempos que son necesarios para ver a seguridade e a eficacia.

Saudamos agora a Ana Ocampo, cunha pregunta directa: bo día Ana, canto tempo tés que estudar para ser oncóloga infantil?

Primeiro, hai que estudar Medicina, que son seis anos, despois aprobar o MIR, logo catro anos de especialidade de Pediatría, máis un mínimo de dous anos para ser recoñecida oncóloga infantil. Máis ou menos entre 10 e 13 anos.

Que tratamento é o máis eficaz para curarnos?

Depende moito do tipo de cancro de cada un, pero a oncoloxía evolucionou

moito e cada vez está máis "de moda" o tema da xenética e o diagnóstico molecular; así o mellor tratamento é o individualizado. Se hai un ensaio aberto, optar por el (como é o teu caso) ou se hai un medicamento que vai en concreto polas células da túa enfermidade, usar ese. Sempre o tratamento individualizado que de o maior beneficio cos menores efectos secundarios posibles.

Por que a quimioterapia fai que se nos caia o pelo?

O que fai a quimioterapia é acabar coas células que se dividen moi rápido (xa que as células dos tumores divídense máis rápido que as normais) e as do pelo tamén nos crecen deprisa. A quimioterapia actúa contra elas, e por este motivo nos cae o pelo.

Como é un día normal como oncóloga infantil?

Pois chego en coche, subo á consulta, e reviso aos pacientes que están ingresados xunto con Cris e María. Despois imos á sesión de Pediatría Xeral, onde estamos todos os pediatras, e alí nos dividimos o traballo. Adoita haber consulta de hematooncoloxía, os pacientes hematolóxicos e oncolóxicos que xa están curados e en seguimento e aí nos quedamos unha de nós. Outra vai ó hospital de día pediátrico, e a outra, a planta. Iso no mellor dos días. Como só somos tres, facemos guardias e vacacións, pois moitas veces unha soa persoa tén que facer iso.

Imos agora con María Tallón e queremos preguntarlle, por que os nenos teñen cáncer?

Unha pregunta moi difícil...e depende de múltiples causas. Hai tipos de tumores que se asocian a alteracións xenéticas, pero no caso dos nenos, a maioría dos cánceres non teñen unha causa específica. Hai algún tipo de

tumor, como os embrionarios, que se producen por algunha alteración no desenvolvemento.

Que probas médicas nos fan para saber se estamos mellorando?

Dependendo da enfermidade, nalgúns facemos soamente analíticas, noutras é necesario ecografías, TACS, resonancias... adáptase sempre a cada paciente.

Haberá algún día unha medicina que cure o cancro sen quimioterapia?

Cada vez hai máis fármacos que coñecen a disposición dos servizos sanitarios, e, que polo seu mecanismo de acción conseguen impedir que as células cancerixenas se multipliquen. Son fármacos que teñen menos efectos secundarios a curto e longo prazo e ogallá exista nun futuro algún medicamento que cure todos os tipos, porque de momento sabemos que hai fármacos novos para moitas enfermidades, pero non para todas. Probablemente, grazas á investigación, si chegue a existir.

Moitas grazas Ana, Cristina e María por este ratiño compartido.



Ana, Cristina e María, as tres oncólogas infantís do Hospital Álvaro Cunqueiro.



Obradoiro. Comida saudable

Que se esconde detrás
do que mercamos?

REDACCIÓN/
AINOA, OLIVER

Ángel acodía á aula totalmente equipado co seu carriño para ensinarnos a levar unha dieta máis saudable. Explicou perfectamente como podemos descifrar as etiquetas dos alimentos e cales son os máis recomendables. Aprendimos moitísimo sobre os perigos dun consumo elevado de

azucres, e, pola nosa parte, comprometémonos a levar a cabo os seus consellos. "Na miña casa, miña nai e meu pai están moi preocupados sempre pola alimentación. Sempre teño un almuerzo moi saudable a base de froita e avena, que me encanta"-aporta Inés. "A partires de agora, cando vaia ao súper, estudarei as etiquetas dos alimentos"-dició Leo, concienciado.

ÁNGEL / ENCARGADO DA CAFETERÍA DO HOSPITAL

"É posible comer rico e saudable"

Ángel visita a Aula Hospitalaria para dar a coñecer que o que hai detrás dos fogóns

REDACCIÓN / A.H.

Bos días Ángel e benvido. Comezamos preguntándoche, cantas cafeterías Apetéceme hai e onde están ubicadas?

Somos unha empresa de Lugo, e agora mesmo hai unha alí, outra aquí en Vigo (tres dentro do hospital), unha en Ourense e outra en Salamanca. Sempre en hospitais.

Cantas comidas se preparan ao día?

Sobre uns 800 menús.

Cal é o prato que máis se vende? E o que menos?

Desgraciadamente, os que máis se venden son os menos saudables: croquetas, patacas fritidas, pizza...e o que menos as carnes elaboradas e o peixe.

Cantas persoas pasan pola cafetería ao día?

Calculamos que sobre 3000.

Facedes algo especial para que a cafetería sexa máis ecolóxica?

Traballamos na promoción de produtos saudables. Tentamos educar á xente para que coma mellor mediante concursos, obradoiros en escolas, e os menús de cada día elabóranse con pratos de agricultura ecolóxica, sans, saudables e sostibles en canto á produción.

Empregades produtos locais?



Todos os provedores son galegos, algúns exemplos son, a froita de Frutas Nieves, o pescado vén da lonxa de Vigo a través dun pescadeiro de Ourense, e a carne dunha carnicería de Lugo.

Tedes opcións veganas e vexetarianas?

Si. Sempre. E tamén nos adaptamos aos diferentes tipos de intolerancias.

Se inventaras un prato especial, cal sería e que nome lle porías?

Sería un prato chamado "Álvaro Cunqueiro", un prato tradicional galego con algunha innovación. Na cafetería temos un texto moi chulo nunha parede relacionado coa comida escrito por Álvaro Cunqueiro.

Algunha vez vos pediron algo divertido?

Divertido non, pero moitas veces ó

día nos piden ovos con patacas, que non o temos no menú, pero terminamos por facelo ante a gran demanda.

Se puideses invitar a un famoso/a, a quen sería?

Pois a algún político, para que vise e valorase o día a día e o que nos esforzamos nas empresas.

Recomendaríalle calquera prato do menú. Aquí pódese comer ben sen gastar moito diñeiro.

Que é o máis difícil de traballar na cafetería? E o máis bonito?

O máis difícil é atender a tanta xente á vez e solucionar os problemas cando xorden; e o máis bonito é poder estar sempre activo, coñecendo xente, e...facer esta entrevista con vós!

Moitísimas grazas Ángel, foi todo un pracer coñecerte!

Espabila!

dieta atlántica
Alimenta a tua saúde

Unha dieta moi nosa para unha vida moi sa.

comerico
vivesan



Sabías que a dieta Atlántica favorece o desenvolvemento intelectual?

Moitos dos alimentos que forman parte da dieta Atlántica, como o peixe azul (xarda, bocarte, sardiña) son fonte de minerais, ácido fólico e vitaminas A e B12, nutrientes que contribúen a mellorar a concentración, a memoria e a aprendizaxe.

vegalsa
EROSKI



As familias opinan

A implicación das familias coa nosa escola é clave para mellorar e fortalecer o entorno educativo, potenciando a aprendizaxe e a motivación dos rapaces

No noso esforzo por ofrecer unha experiencia educativa cada vez máis enriquecedora na aula hospitalaria, instalamos unha caixa de suxestións na entrada para que as familias poidan compartir as súas opinións e ideas de mellora.

Cada comentario, proposta e suxestión que nos chega é de gran valor, xa que nos permite identificar áreas de mellora e, á vez, reforzar aqueles aspectos que estamos a facer ben.

A colaboración de todos é fundamental para continuar creando unha contorna educativa onde, ademais de traballar os contidos académicos, os nenos e nenas que nos acompañan cada día atopan un refuxio de esperanza, aprendizaxe e crecemento persoal.

Durante o seu tempo connosco, logramos que se desvinculen, aínda que sexa por un momento, dos desafíos que enfrontan,

proporcionándolles un espazo no que se senten apoiados, comprendidos e acompañados.

distancia da súa contorna habitual poden xerar inquedanza e preocupación.

aprendendo e desenvolvéndose no medio das dificultades.

A caixa de suxestións é unha das ferramentas que implementamos para asegurar que as voces das familias sexan escoitadas. Grazas á súa colaboración, podemos facer axustes que non só impactan positivamente na educación, senón tamén no benestar emocional dos nenos, algo esencial para o seu proceso de recuperación.

Convidámosvos a seguir utilizándoa, xa que cada opinión é un punto de partida para crecer xuntos e seguir mellorando día tras día a experiencia educativa.

Non hai maior satisfacción que saber que estamos a construír, entre todos, un espazo especial para quen máis o necesita. Moitísimas grazas por formar parte deste maravilloso proxecto!



Caixa de suxestións da aula.

Entendemos que a situación pola que atravesan os nenos e as súas familias non é fácil. A hospitalización, o tratamento médico e a

Por iso, a nosa misión vai máis aló do académico; trátase de ofrecer un espazo seguro e esperanzador onde os estudantes poidan seguir

A mi me encanta este colegio porque es super divertido.
20/11

EL COLE DEL HOSPITAL ME GUSTA MUCHO.
GRACIAS POR TRATARLOS TAN BIEN.
DEBERIA DE HABER MÁS GENTE COMO VOISOTROS EN EL MUNDO.
25.11.2024.
SOT

A mi me parece moi divertido.
OS VOY A ECHAR DORMENDO

A mi me gusta mucho este colegio porque es muy divertido.
Os voy a hacer de menos.

COLE DO CUNQUEIRO
Imposible que desaparezca, es precioso, divertido, queridos, los padres nos podemos ir a tomar un cafeito, es completo tiene que existir y lo más importante es salud para los niños y niñas hay que protegerla fomentarla y de ninguna manera cesarla, las chicas son una MARAVILLA! Y COMO SOY GITANO OS GRACIAS CON LUNARES

Algunhas das mensaxes deixadas polas familias na caixa de suxestións.



Estaba lloviendo el día que la ingresaron, una mañana a las 11.00 a.m.

Greta estaba asustada, ya que todo sería nuevo para ella. No sabía que tenía que hacer ni que decir, porque ya le habían avisado hace meses que, si seguía así, la iban a ingresar; pero sus pensamientos fueron más fuertes y pudieron con ella.

Sus padres le decían, "sabemos que has estado luchando contra esos monstruos, pero es muy difícil hacerlo sola, así que aquí te van a ayudar a derrotar a los monstruos": ellos lo decían intentando no parecer asustados, pero en el fondo estaban muy asustados y nerviosos.

Mientras subían en el ascensor con una persona que trabajaba en el hospital, para llevarlos a la habitación, estuvieron en silencio; todos excepto Tobías, la persona del hospital.

Greta había averiguado su nombre leyéndolo en la tarjeta que tenía en la bata, a la izquierda.

Él estaba hablando, diciendo cosas graciosas para liberar tensión, y la verdad es que a Greta y a sus padres, María y Antonio, les ayudó, ya que lo que contaba y su forma de interpretarlo ayudaba mucho a que se tranquilizaran.

Al entrar en la habitación observó el sofá marrón, al fondo de la habitación, el baño, la cama de 80, el sillón y una pequeña mesilla con una bandeja.

Entre todo eso se encontró a dos enfermeros. - Hola Greta, somos enfermeros, Álvaro-dijo señalándole -y yo, Carlota, ¿cómo estás? Al momento, Greta pensó en decirles "me acaban de ingresar, así que yo diría que está claro que no muy bien, ¿no?", pero en vez de responder eso dijo:

- Bien - sin entusiasmo alguno.

Carlota le sacó una pequeña sonrisilla.

Álvaro, a continuación, le puso la pulsera y la

Noa G. Z.

De gota en gota



vía.

Y durante el resto de la mañana, estuvieron pasando los pediatras y los psiquiatras y psicólogos.

Greta se quedó sorprendida porque ella se imaginaba a unas personas superdesagradables, pero fue todo lo contrario. ¡Eran geniales!

Al ser invierno, el tiempo que estuvo Greta ingresada, llovía casi todos los días y a ella eso no le gustaba nada, ya que le daba miedo la lluvia.

Mientras pasaban los días, se dio cuenta de que la lluvia le estaba acompañando en esta etapa de su vida, así que decidió imaginarse lo que podía hacer con cada gota de agua que caía.

Fue una tarde el día que se le ocurrió lo que podía hacer con esas gotas de agua...

Lo primero que hizo fue sentarse en el sofá y mirar a la ventana, y en ese momento, se teletransportó a un lugar mágico, en el que ella estaba saltando de gota en gota hasta llegar a las

nubes, y al llegar allí construyó un coche que parecía hecho con algodón de azúcar.

Una vez construido ese coche, visitó mogollón de lugares: París, con su Torre Eiffel y el maravilloso parque, Disneyland París; Londres, donde pudo ver el estudio de Harry Potter, ya que tanto le gustaron sus películas y el famoso Big Ben, con su gran reloj, y así consiguió entrar dentro de él, gracias a su imaginación; Finlandia, donde vio el pueblo de Papá Noel; Nueva Zelanda, donde estuvo con los pingüinos...

Todos le encantaron, pero había uno que tenía algo especial: Nueva York, ¡porque le gustaba la alegría de la Navidad!, ver todo nevado, las pistas de hielo, la gente cantando villancicos...

El haber podido imaginarse todo eso hizo que le perdiera el miedo a la lluvia, ya que al fin había encontrado la fórmula para encontrarse bien con ella, y descubrió que toda esa nieve que disfrutó en su viaje, estaba hecha con esas gotas de agua, de vida.

Cuando su cabeza regresó a la habitación del hospital, volvió con más fuerzas que nunca.

¡Ahora cuando le aparezcan esos monstruos, les va a tirar bolas de nieve para demostrarles que ella es más fuerte que ellos!

Al año siguiente, ya le habían dado el alta, y esa Navidad le regalaron el viaje de sus sueños: ¡Ir a Nueva York!

Así que todo lo que había luchado y seguía luchando estaba valiendo la pena, consiguió ver en persona la Navidad con tanta presencia navideña, esa que le animó, y le anima a seguir luchando cada día.

Conto,
novela, poesía...




AS MELLORES
LECTURAS
EN GALEGO

XERAIS
xerais@xerais.gal • xerais.gal



Recomendacións literarias

Desde o corazón da nosa biblioteca "Susana Rodríguez Gacio", brotan estas suxestións literarias para enriquecer as vosas lecturas




LAURA

Triloxía Mentira, Verdad e Miedo. Está escrita por Care Santos, unha recoñecida autora española popular polas súas novelas xuvenís e adultas que a miúdo exploran temas emocionais e profundos.



OLIVIA

Policán é parte dunha serie de libros moi coñecida, escrita e ilustrada por Dav Pilkey. Esta serie relata as aventuras dun policía cunha cabeza de can.



MARTINA

Grimwood. Libro escrito por Nadia Shireen, unha escritora e ilustradora británica coñecida polos seus encantadores libros infantís.



PAULA

El club de las zapatilla rojas. Saga escrita por Ana Punset, composta por 19 libros publicados entre 2013 e 2020.



Versos que alivian: la fuerza de la poesía en días de angustia y esperanza

Son días difíciles en esta habitación F302, pero dentro de la angustia y el malestar que siento, aparece en mí una gran inspiración que me hace sentir mejor mientras escribo. Por ello, quiero compartir con vosotros algunos de mis poemas.

SARA / Porriño

Cara blanca

*Blanca tengo
la cara caliente
que ilumina mi cuerpo
delante del espejo.*

*Tengo buenos recuerdos
debajo de mi habitación
cantando una canción
contigo voy.*

Te lo diré

*Cinco dedos tengo hoy
detrás del hoy aquí estoy
si preguntas por mí
yo te escucharé.*

*Dame paz
dame vida
sin eso
no estaré.*

Noche romántica

*Dos novios viendo el amor
desde el corazón
cantando una canción
se siente el amor.*

*Noches de amor
luna de humor
lluvia de ilusión
decimos adiós
cantando amor.*



El sueño inolvidable

*Sueño poco
la cama toco
parece venir
tengo que vivir.*

*Dulce vida
dolor te concedo
perdón te doy
tranquila estoy.*

Amigos para siempre

*Somos amigos
amigos de verdad
nos queremos con el corazón
cantando una canción.*

*La felicidad es la amistad
si no la hay,
tu vida cambiará.*

La noche

*La noche estrellada
con suerte creada
se vive el futuro
del vestido negro.*

*Llevo el honor
del antiguo horror
contigo voy,
aquí estoy.*

Mocos de Sara

*Moco verde,
el moco que me calma
con el dedo en la nariz,
yo seré feliz.*

*Pégate a mí
conmigo vivirás
no tengas ansiedad
de decir la verdad.*

¿Cómo está la luna?

*La luna es una esfera
una esfera perfecta
que brilla por las noches
y por el día no.*

*Luna llena
llena de amor
amor rojo
rojo el corazón.*



Anxo Fariña visita a aula hospitalaria e converte as nenas e nenos en personaxes de conto

A aula hospitalaria recibiu unha visita moi especial grazas á colaboración de GALIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). O escritor e ilustrador Anxo Fariña, autor da saga Megatoxos, compartiu a súa paixón pola escritura e a ilustración cos nenos, agasallándoos con exemplares dos seus libros e ensinándolles a crear os seus propios personaxes.

Durante a sesión, mostrou técnicas sinxelas para debuxar expresións e detalles, axudando a cada neno e nena a dar vida ao seu propio personaxe. Ademais, deixou claro que nunca é tarde para comezar a escribir, pois aínda que el desde pequeno imaxinaba historias, non empezou a plasmalas en papel ata os 20 anos.

O momento máis emocionante chegou cando Fariña tomou inspiración dalgúns nenos da aula e os converteu en personaxes das súas ilustracións. A actividade encheu o espazo de creatividade e deixou pegada nos pequenos, que agora poderán verse reflectidos nos mundos máxicos que Anxo Fariña debuxa e escribe.

A loba Martina




Cando a lúa chea brilla no ceo, ela deixa de ser unha rapaza común. Os seus superpoderes —correr a unha velocidade increíble e trepar con axilidade— intensifícanse, transformándoa nunha loba de espírito libre. Durante o día, goza bailando ao ritmo da música, debuxando mundos máxicos e observando a lúa que, cada noite, anuncia a súa próxima metamorfose. Pero cando a lúa alcanza o seu esplendor, o seu instinto desperta, e ela corre pola noite, sentíndose máis viva ca nunca.

A loba Martina. Debuxo feito por Anxo Fariña e relato feito pola propia alumna, Martina.




Anxo Fariña na aula hospitalaria. Os alumnos e alumnas prestan atención para facer os seus propios debuxos.



Outros personaxes dos alumnos que fixo o ilustrador.



Deputación
Pontevedra



Unha provincia **unida, moderna, en transformación, de todas e todos**

Unha **Deputación municipalista** que mira polos 61 concellos da provincia

Que **xera lazos e tende pontes**

Tendemos
pontes

www.depo.gal



A Música como compañeira de vida

Imos coñecer de primeira man que sentido ten a música para os nosos alumnos e alumnas e como, ás veces, é todo o que precisan



A música acompañou a humanidade dende tempos inmemorables, sendo unha forma de expresión, comunicación e conexión emocional. Presente en todas as culturas e xeracións, o seu impacto vai máis alá do entretenemento, influindo no desenrolo cognitivo, o benestar emocional e a cohesión social. Nun mundo cada vez máis acelerado e dixitalizado, a música segue sendo un refuxio, unha ferramenta de inspiración e un vehículo para transmitir ideas e sentimentos. Neste artigo, exploramos a importancia da música na vida do noso alumnado.

Sería moito dicir que todas as mañás cando entro na aula atopo o meu alumnado escoitando

música, pero non penso que sexa moi exaxerada se digo que un 90% dos días están facendo algo relacionado coa Música.

Tivemos algún momento divertido onde o karaoke tomou o control e os bailes e cánticos resoaron na aula, non vos enganades, ninguén dixo que cantemos ou bailemos ben, só digo que son momentos que dan vida e as gargalladas están aseguradas. Pero cando digo que a Música é importante, non fago referencia só os momentos que programamos para facer algo musical, tamén me refiro a cando chego e teñen os MP3 a todo volume e os cascos postos nas súas orellas. Outras veces falan sobre grupos ou cantantes que lle gustan e intercambian opinións, incluso, acaban trocando os seus

aparells de reprodución para aumentar as súas cancións e non caer no aburrimiento, estas conversas sempre me demostran que existe unha brecha xeracional, non coñezo ningún grupo dos que falan e eles e elas aproveitan para recordarme que xa non son "moderna" e rematamos rindo xuntos.

Cando se propuxo a elaboración deste xornal pensei que sería interesante coñecer cal é o motivo de que este alumnado teña tanto apego pola música e eles e elas non dubidaron en contestar.

"A min o que me gusta máis de escoitar música son as letras das cancións xa que me identifico con moitas delas, case sempre escoito Rap polas súas letras cheas de sentimentos, e aí é cando me sinto identificada. Aparte, cando non escoito Rap e me decido por outro estilo de cancións sinto que me evade e me transmiten bo rolo" dixo Alba moi segura.

"Gústame escoitar música, bailar non me gusta. Escoito cancións de Dani Martín e Dvicio, estou pensando máis... non sei, tamén en Inglés... reláxame moito" contou Gabriel.

"Escoito música porque me encanta e adoito escoitar cancións que me representan e coas que me poido identificar. Gústame un pouco de todo, non teño un estilo favorito. A música animame e, ás veces, escoito música triste para desafogarme. Tamén penso que a música pode ser unha forma de aprender outros idiomas. A música é moi importante" escribe

Dani nun anaco de papel. Dani sempre di que el prefere debuxar para transmitir os seus sentimentos e non dubidou un segundo cando lle pedín que ilustrase esta páxina. Que bonito debuxa este rapaz!

"Gústame escoitar música porque me relaxa e me fai sentir segura. Escoito moita música, sobre todo, cando estou moi saturada e preciso tranquilidade" comenta cun sorriso Sandra.

"A música é unha maneira de coñecer a outra persoa. Cando ti estás ben, cando ti estás mal, iso da igual, é ese algo que te leva a outro lugar, que che fai evadirte de todos os comentarios que resoan na túa cabeza. Transpórtate a un lugar seguro da túa mente, as letras, o son... sentíste tan profundamente identificado que

queres quedarte aí todo o día. Iso é o que me axuda, o que me libera e me leva a outro lugar diariamente mentres paseo por unha unidade de catro paredes" expresa Helena emocionada.

"Para min escoitar música é algo que necesito, porque sinto que ela me entende. Sinto que podo falar con ela, xa que cando a escoito é como que o que di, é o que preciso escoitar nese momento. Tamén a melodía da música pode chegar a relaxarme e, ás veces, sinto medo cando teño que deixar de escoitala, xa que iso pode implicar deixar de ter esa calma" explica Noa nun papel.

Podemos concluir que a música é unha parte fundamental das nosas vidas, cun impacto profundo nas nosas emocións.



Xogos de mesa: unha ferramenta de aprendizaxe e benestar

Na aula hospitalaria, ademais de traballar a parte académica, tamén se procura garantir o benestar mental e emocional do alumnado

Os xogos de mesa non só son unha fonte de entretemento, senón tamén unha ferramenta poderosa de apoio emocional e educativo para os rapaces e as rapazas que se enfrontan a un proceso de recuperación dentro do hospital.

As aulas hospitalarias teñen un enfoque integral, que non só atende ás necesidades educativas, senón que tamén se centran na recuperación psicolóxica dos nenos e nenas.

Neste entorno, os xogos, ademais de ser unha excelente ferramenta para o

desenvolvemento cognitivo, ofrecen unha distracción positiva, axudando a reducir a ansiedade e o estrés que lles pode causar o tratamento médico aos pequenos pacientes.


Os momentos de xogo son perfectos para distraer aos rapaces e axudarlles

a fortalecer a súa mente e emocións durante este proceso de recuperación, xa que xogar con outros nenos fomenta a súa interacción social e permítelles aprender a xestionar conflitos e compartir sentimentos.

Estas son algunhas das recomendación dos rapaces da aula hospitalaria:



Noah: "Recomendo o Uno, é moi divertido e podes xogar con un montón de xente".



Inés: "Eu recomendo o xogo Mathspiele. Tes que saber moi ben as táboas de multiplicar e ter moi boa estratexia".



Xoán: "A miña recomendación é o Palabrea. Tes que ser moi rápido lendo e podes xogar en parella ou con moita xente".



Leo: "Recomendo o Virus e a Polilla tramposa. O Virus é fácil de entender; mola porque nunca sabes canto vai durar a partida e tamén porque pode haber un cambio brusco na partida que non te esperas".

Nas habitacións tamén xogamos!

No hospital, os xogos de mesa son unha parte fundamental da metodoloxía empregada co alumnado, xa que se consideran unha actividade de ocio de calidade, ao mesmo tempo que exercen un impacto positivo no desenvolvemento emocional e cognitivo dos nenos e nenas.



Os xogos non só ofrecen

entretemento, senón que tamén funcionan como unha valiosa ferramenta terapéutica e didáctica.

Nas habitacións do hospital, estes xogos teñen un papel crucial no mantemento e mellora das habilidades sociais, a redución da ansiedade e a promoción do benestar emocional dos pacientes. Ao mesmo tempo, favorecen o desenvolvemento

de habilidades cognitivas, motoras, mentais e sensoriais. Entre os beneficios destacan a mellora da memoria, a observación e a

concentración, aspectos que axudan aos nenos a manterse conectados e activos mentalmente durante a súa recuperación.



Alguns dos xogos utilizados nas habitacións.



Dani: O Piou Piou é moi divertido, sempre consegue sacarme un sorriso, é dinámico, non precisa moita concentración, moi sinxelo e paréceme “chupiguai”.



Alba: Mente Vacuna gústame moito xa que o pasas moi ben coa túa familia ou cos amigos.


No xogo tes que coincidir na resposta dunha pregunta con algún deles, e pásalo en grande xa que na maioría das veces non coincides, e aí e cando ris.



Mai: O Jenga mellora a túa capacidade de comprensión e razoamento. Tes que analizar ben a situación para que a torre non caia. Encántame este xogo, nunca te aburres, ademais podes divertirte cos teus amigos aínda que non sexa un xogo cooperativo. É fácil de entender e a práctica é doada.

O papel terapéutico dos Xogos de Mesa

Os xogos de mesa son unha ferramenta excelente para mellorar a saúde mental infantil e xuvenil. Axudan aos rapaces a xestionar as súas emocións e a mellorar a regulación emocional ao aprender a controlar a frustración e a paciencia. Ademais, fomentan a cooperación,



Debuxo feito por Carmen.

comunicación e melloran as habilidades sociais. A interacción social que promoven os xogos fortalece a conexión emocional entre os rapaces e as persoas que os rodean, proporcionando un espazo para expresar e compartir emocións nun contexto seguro e divertido.



Noa: O xogo do fantasma, gústame por ser moi divertido e gracioso, é un xogo de rapidez. Tamén polas figuras que ten, son moi orixinais e chamativas.

Recomendacións do Hospital Nicolás Peña e da Planta 2 do Hospital Álvaro Cunqueiro.



Laura V.: O Sushi Go gústame porque é moi dinámico, fácil de entender, divertido e aparte diso nunca te aburres. Ten uns caretos moi simpáticos e soe estar moi axustado.



Amanda: “Taco, gato, cabra, queso, pizza” asegúroche que é o mellor xogo para unha partida rápida cando tes un ratiño morto, desfruta ca túa familia e amigos dun xogo áxil e dinámico no que o máis rápido gañará a partida.



Sandra: Encántame facer pulseiras, para min é moi relaxante e divírteme, podo pasar horas e horas facéndolas. Levo o brazo cheo de pulseiras e parécenme un gran agasallo.



Helena: O Dobble trata da rapidez e concentración de tódalas persoas do grupo, co cal acaba sendo divertido ver cantas cartas podes chegar a acumular se fuches o máis rápido. Recomendo xogar en familia pola satisfacción de verlle a cara aos teus pais coa túa rapidez, é increíble!

Iria: “Pelusas” é un xogo divertido no que recolectas como mínimo tres cartas con distintas puntuacións. Ademais, sempre tes a parte divertida de poder roubarlle pelusas aos teus contrincantes. Nunca houbo unha forma tan divertida de limpar as pelusas!



Dende os domicilios o noso alumnado tamén fai recomendacións dos seus xogos favoritos


Alejandra: O Rubik's Race é un xogo de mesa súper divertido onde dous xogadores compiten para copiar unha combinación de cores movendo cadradiños nun taboleiro. O máis rápido en completar o patrón, gaña! Paréceme un xogo ideal para partidas rápidas, que pon a proba a túa concentración. Se che gustan os retos e a competición, recoméndoo.



Raquel: Encántame A polilla tramposa porque podo facer trampas sen que me riñan! É moi divertido e sempre nos rimos moito cando xogamos.



Alex: Recomendo o Dixit porque é un xogo fermoso onde as cartas contan historias sen palabras. É perfecto para usar a imaxinación e coñecer como pensan os demais. As partidas son tranquilas, entretidas e diferentes cada vez. Ideal para momentos en familia ou entre amigos.





Mulleres que fan historia: o 25N na aula hospitalaria

REDACCIÓN / AH

O pasado 25 de novembro a nosa aula púxose as gafas de historiadores e as batas de chefs para crear unha xornada moi especial no Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero. Entre todos os nenos e nenas elaboraron os seus "cubos da historia", convertendo caixas de cartón en auténticos monumentos a mulleres que fixeron historia. Desde científicas que cambiaron o mundo ata deportistas que romperon récords (e barreiras), cada cubo contou unha historia que paga a pena lembrar.

E como aquí non só aprendemos historia, senón que tamén buscamos solucións, montamos o noso propio recetario: "Receitas contra a violencia de xénero". No noso mural non había ingredientes secretos, pero si moitas doses de respecto, igualdade e xustiza. Entre reflexións e compromisos, quedounos claro que, se todos pomos o noso gran de area, podemos cociñar un futuro moito mellor.

O entroido chega ao hospital: risas, disfraces e un meco moi especial

REDACCIÓN / AH

Quen dixo que no hospital non se pode gozar do Entroido? Este ano volvemos a ter o noso meco, con mandatos para que ningún quedase sen a súa dose de festa. Porque se hai algo que cura case tanto coma os medicamentos, é a risa!

Na aula puxémonos creativos e, entre cartóns, purpurina e moito enxeño, fixemos uns antifaces dignos do mellor baile de máscaras. A imaxinación voou e os resultados foron tan variados como sorprendentes: desde antifaces elegantes ata outros que parecían saídos dunha película de superheroes. E, por suposto, non podían faltar as mestras, que este ano se converteron en médicas moi especiais. Con batas cheas de virus de cores (tranquilos, só eran de pega!), puxémonos mans á obra para "curar" aos nosos alumnos cun tratamento infalible: diversión, ilusión e moito humor. O Entroido no hospital foi, unha vez máis, unha festa onde as gargalladas fixeron que, por un intre, esquecésemos batas brancas e fonendoscopios para mergullarnos na maxia desta tradición. Porque rir tamén é unha gran medicina!

Un lazo dourado para a esperanza: o Día Internacional do Cancro Infantil

Día contra o Cancro Infantil, 15 de febreiro.

REDACCIÓN / AH

No aula hospitalaria non hai tempo para aburrirse, e menos cando toca celebrar algo tan importante como o Día Internacional do Cancro Infantil. Como? Pois armándonos de tesoiras, cartolinas e moito cariño para encher o hospital de lazos dourados! A rapazada púxose mans á obra e decorou cada lazo con mensaxes de ánimo, forza e moito agarimo, convertendo o corredor nun auténtico camiño de esperanza. Pero a cousa non quedou aí! As mestras de Atención Educativa Domiciliaria déronse un baño de estrelato radiofónico en ONDA CERO para contar ao mundo que os nenos e nenas que non poden ir á escola tamén teñen clase na casa. Falamos de educación, apoio e de como os deberes chegan a todos os recunchos, incluso ás camas do hospital! Porque aquí, entre exames e xogos, a aprendizaxe nunca para.



Laura Solla e Sara Vereia. / ONDA CERO



Lazos do Día Internacional contra el Cáncer Infantil .





Alma recollendo o seu premio con Abel Caballero no XVI Certame de Pintura Escolar.

Alma debuxa a maxia do Nadal e ilumina Vigo co seu talento

REDACCIÓN / AH

Este Nadal tivemos unha nova que nos encheu de alegría: a nosa compañeira Alma Vila Cotovad foi unha das premiadas no XVI Certame de Pintura Escolar, co lema "As luces de Vigo no Nadal".

A entrega de premios foi en Vigolandia, no IFEVI, e quen lle deu o premio foi o propio Abel Caballero, o alcalde máis "luminoso" do mundo. Alma recolleu o seu diploma e o agasallo cun sorriso enorme, rodeada doutros nenos e nenas artistas que tamén fixeron unhas obras chulísimas.

E agora... deixámosvos co relato da propia Alma, contándonos esta experiencia tan especial coas súas palabras:

"Ola! Chámome Alma e teño 6 anos. Estiven ingresada un tempo no hospital, e foi alí onde coñecín á profe Chus, que viña todas as mañás para facer

cousas moi chulas comigo. Unha mañá contoume que había un concurso de debuxos de Nadal que se chamaba "As luces de Vigo no Nadal", e díxome que podíamos facer un debuxo para participar, aínda que era moi, moi difícil gañar porque participarían moitísimos nenos.

A min gustoume a idea, así que puxémonos mans á obra para facer o noso debuxo de Nadal. Despois duns meses, a profe Chus chamou á miña mamá porque... O meu debuxo saíra premiado! Que ilusión tan grande! Púxenme contentísima.

Tiña que recoller a distinción no Concello de Vigo e a entrega fíxoa o alcalde Abel Caballero. Foi moi divertido, fixo moitas bromas e díxonos que os nenos e nenas de Vigo eramos os mellores do mundo.

Participaran máis de 3.000 nenos e só 50 fomos

Un Nadal cheo de cartas, abrazos e moito agarimo!

REDACCIÓN / AH

Este Nadal, na aula do hospital, vivimos un aluvión de boas vibras! Recibimos cartas, postais e adornos feitos con moito agarimo por nenos e nenas de distintos colexios.

O CPR Compañía de María enviounos postais cheas de ánimos e palabras bonitas que nos puxeron un sorriso enorme. Pola súa parte, o CEIP A Paz - Tintureira sorprendeunos con adornos de Nadal feitos a man e postais con mensaxes que nos deron moita alegría. Todo chegou cun lazo dourado brillante, coma o de Papá Noel! Estes detalles fixeron que o hospital se enchera de calor, cor e maxia. Grazas por facer que o Nadal tamén se viva aquí!!



Postais de ánimo do CPR Compañía de Martia.



Adornos de Nadal do CEIP A Paz - Tintureira.





FREE TOUR POR VIGO

Aproveitamos que temos a sorte de ter a nosa aula hospitalaria en Vigo para facer unha pequena viaxe por esta cidade tan bonita e máxica



AMANDA/VIGO

Vigo, un lugar de conto. Fermosa cidade na costa noroeste da Península Ibérica, na desembocadura da ría que leva o seu mesmo nome, na provincia de Pontevedra e cunha superficie de 109,1 km², é a cidade máis poboada de Galicia. Protexida polas Illas Cíes, un arquipélago que como di o noso alcalde “é o mellor do mundo!”, teño que aclarar que neste caso non o di só el, varios xornais mundiais valoraron a praia de Rodas como a mellor do mundo.

En Vigo podes atopar diferentes lugares e paisaxes, sitios tan maravillosos como pode ser o monte do Castro, cunhas vistas espectaculares da ría, o barrio de Bouzas onde segue moi latente o tradición mariñeira da cidade, o pazo Quiñones de León rodeado do bonito parque de Castrelos, a zona das praias, o Casco Vello... non podo esquecer o Porto de Vigo, un dos máis importantes de Europa.

A cidade, ademais de estar ben comunicada por mar, conta con un aeroporto, estación de tren e estación de autobús. En varios puntos da cidade atoparás escaleiras mecánicas e ascensores para facilitar a mobilidade e solventar os desniveis.

Amanda disfrutando dunha soleada tarde en Samil.



Unha bonita foto das praias das Illas Cíes.

CONCELLO
DE VIGO



VIGO,
A MELLOR CIDADE
PARA APRENDER

Becas libros e material escolar • Becas comedor
Becas inglés • Escolas infantís gratuitas





O alcalde nas festas da parroquia de Coruxo.

O noso alcalde Abel Caballero leva exercendo como tal 19 anos, é un showman na nosa cidade, a miña avoa di que non sabe como está sempre en todos os lados á vez, sempre alegrando as festas, concertos, competicións deportivas, actuacións e celebracións de todo o ano, e gritando a todos ao unísono “Viva Vigo”.

A gastronomía é un dos puntos importantes da cidade, que ben saben unhas ostras da Pedra, un peixe fresco da ría e un albariño fresquiño, e se lle sumas que podes tomalo desfrutando dunhas marabillosas vistas en Bouzas, Samil, Alcabre, A Guía, Canido... xa non teñen rival. As mariscadas son famosas na nosa cidade, un polbo á feira... e para rematar unha boa comida non esquezamos os doces que sempre baixan mellor regados por unha boa queimada de augardente.



E como non imos presumir do noso Nadal, ven a Vigo a pasar as mellores festas da túa vida, reláxate e déixate deslumbrar. Baixo o lema “Vigo, donde vive la Navidad”, o Nadal espérate cunha noria de 54m iluminada, coma toda a cidade, con máis de 11,5 millóns de luces led, música, sorpresas para toda a familia, podes pasear polos postos do mercado da Alameda, montar en diversas atraccións, patinar na pista de xeo, e desfrutar dun ambiente inesquecible. Festéxanse dende Novembro ata mediados de Xaneiro é cada ano son mellores.

En definitiva, Vigo é unha cidade fantástica para visitar e, se tes a sorte, vivir.



Vistas dende o Monte do Castro.



Sabroso polbo á feira.


A MELLOR FORMA DE MOVERSE POR VIGO

Non esquezas comprobar as liñas e horarios do transporte da nosa cidade.



AMANDA E MIGUEL COCIÑAN PARA NÓS

Unha sección para mesturar sabor, imaxinación e moito agarimo nos fogóns



AMANDA DESVELA A SÚA FAMOSA RECEITA




• INGREDIENTES:	
Caldo ✓ 1 kg de costelas de porco ✓ 2 cebolas ✓ 3 allos tenros ✓ 2 cenorias ✓ Unha cabeza de allo ✓ 50g de xenxibre ✓ 2 litros e medio de auga ✓ 120ml de salsa de soia ✓ Aceite de oliva ✓ Unha culler e media de sal	✓ Unha culler de azucre ✓ Auga Toppings ✓ 2 allos tenros ✓ 3 dentes de allo ✓ 50g de xenxibre ✓ 60ml de aceite de oliva ✓ Verduras ao gusto ✓ Ceboliño Salsa costelas ✓ Líquido do mariñado dos ovos ✓ Unha culler de azucre
Ovos ✓ 4 ovos ✓ 120ml de salsa de soia	Fideos ✓ Fideos ao gusto

PROCEDEMENTO:

1. Coce e limpa as costelas de porco: en primeiro lugar, ferve as costelas do porco en abundante auga durante 5 minutos a lume forte. Transcorrido este tempo, retira a auga de cocción e pasa as costelas pola auga da billa para limpalas e quitarlle ou grumos.
2. Prepara o caldo do Ramen: reserva as costelas e curta en anacos grandes os seguintes ingredientes para a base do caldo: cebolas, allos tenros, cenorias, allos e xenxibres. Pon suficiente aceite nunha ola grande e engade todas estas verdura que acabamos de preparar. Cocinamos ata que queden ben douradas. Unha vez teñas as verduras douradas engade as costelas do porco, dous litros e medio de auga, 120ml de salsa de soia e unha culler e media de sal. Deixar todo fervendo coa tapa posta durante dúas horas a lume medio.
3. Cocina e mariña os ovos do Ramen de porco: pon auga a ferver nun cazo. Unha vez comeza a ferver, introduce os ovos no cazo e ferve durante seis minutos e medio. Saca os ovos e déixaos nunha cunca con auga fría durante dous minutos para parar a cocción e que sexa máis sinxelo pelalos. Cambia a auga varias veces para arrefriar ben os ovos. Unha vez fríos, pela os ovos. É momento de mariñar os ovos do Ramen. Pon os ovos nun recipiente e engade 120ml de salsa de soia, unha culler de azucre e auga ata que os ovos queden ben cubertos. Remove todo con suavidade e deixa os ovos mariñándose no frigorífico durante unha hora e media mentres se coce o caldo.
4. Prepara os complementos do Ramen: os toppings ou complementos para engadirle ao Ramen son moi persoais, a min encántame preparar unha especia de aceite perfumado con allos, xenxibres e allos tenros. Combina de marabilla con esta receita. Ademais, engádolle uns cogomelos a prancha como topping para tomar algunhas verduras, aínda que poder poñer o que máis che gusta. Para facer o aceite perfumado fai o seguinte: pela o xenxibre, os allos e rela ambos ingredientes nun pequeno recipiente. Corta moi finíños os allos tenros e ponos no recipiente común. Neste recipiente engade uns 60ml de aceite de oliva moi quente. Remove un pouco e... listo!
5. Cocina as costelas e dálle sabor: pasadas as dúas horas de cocción, saca as costelas do caldo e os ovos mariñados da neveira. Parte os ovos pola metade para telos preparados ao servir o Ramen, e reserva o líquido do mariñado. Pon as costelas nunha tixola para cocinallas cun pouco de salsa e darlles un mellor sabor, deberás poñer a lume medio as costelas, o líquido do mariñado dos ovos e unha culler de azucre, cando vexas que a salsa reduciu as costelas estarán listas.
6. Coce a pasta: paso sinxelo pero importantísimo: cocer os fideos do Ramen. Unha boa alternativa se che da preguiza preparalos na casa é comprar fideos de Ramen nun supermercado asiático ou usar tallaríns que poidas comprar en calquera supermercado estándar.
7. Empratado: monta o Ramen de costelas perfecto. Para servir o Ramen: pon unha culler sopeira xenerosa do aceite aromático que preparamos, engade caldo do Ramen ao gusto coa axuda dun coador, pon os fideos que cocinaches e engade todo o resto de ingredientes coa mellor presentación posible.

Ramen

MIGUEL FAI UN
RAMEN PARA
CHUPAR OS DEDOS





No Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, a aula hospitalaria converteuse nun espazo de aprendizaxe e apoio, non só para os máis pequenos, senón tamén para os profesionais que teñen a sorte de traballar nela.

Os profesionais que desenvolven o seu labor nesta aula experimentan unha profunda conexión co alumnado, vivindo unha experiencia

No corazón da educación hospitalaria e domiciliaria: unha vivencia que deixa pegada

única. Cada día, teñen a oportunidade de ver de preto a forza de vontade dos nenos e nenas, que se enfrontan a retos difíciles pero que tamén teñen a capacidade de ensinar aos adultos

valiosas leccións de superación e esperanza. Este tipo de interacción fortalece tanto ao alumnado como ao profesorado, creando vínculos de empatía e solidariedade que

enriquecen a todos os que forman parte deste espazo.

Sen dúbida, a aula hospitalaria convértese nunha verdadeira escola de vida.

Ademais, por este espazo tamén pasa o profesorado de atención educativa domiciliaria, mestres e mestras que chegan aos fogares levando educación e ilusión. Algúns deles desexan compartir connosco as súas vivencias.

A experiencia do profesorado e do alumnado en prácticas nun espazo educativo que transforma, emociona e esperta conciencia

Antonio: A experiencia docente que máis me fixo medrar a nivel persoal e profesional. Todo o profesorado debería vivir (gozar) da experiencia polo menos unha vez na súa vida. Queda como anécdota o bombo de batería que improvisamos cun

caldeiro do lixo para ledicia das nenas e nenos. Amor incondicional polos meus compis e morriña por falar en pretérito perfecto. Grazas.

Lara: Ser profesora de Atención Educativa Domiciliaria foi unha experiencia intensa e conmovedora.

Vin como grandes mestres, ademais de ensinar, se

converten en guías e apoios fundamentais, coordinándose cos colexios, coas familias e afrontando cada reto con empatía, fortaleza e alegría para quen máis o necesita. Levo no corazón aos compañeiros, ao alumnado e ás familias que deixaron en min unha pegada imborrable.

Pablo: A atención sen nomear á domiciliaria é unha coordinadora do equipo, experiencia que serve Chus, sen a cal todo isto para formarte como sería impensable, xa que mestre e comprender as é quen dirixe con diferentes situacións e agarimo e dedicación ritmos de aprendizaxe cada día desde o que tanto aprendemos hospital, sen esquecer a nas facultades, onde estes mestres que van deixamos de lado o dun lado para outro, currículo e as prásas tratando de que os nenos diarias para centrarnos esquezan as súas máis no alumno. Esta circunstancias por un experiencia non pode intre e teñan un sopro de definirse doutra maneira enerxía.

Manu: A aula resiliencia e a esperanza, hospitalaria é un espazo combinando ensino, xogo onde a educación e socialización para o transcende o curricular, benestar dos nenos. Máis achegando apoio que ensinar, bríndase emocional, aprendizaxe acompañamento e adaptada e un vínculo alegría, facendo da esencial entre a escola e o educación un acto de alumno. Aquí amor que ilumina os promóvense a empatía, a momentos difíciles.

Alejandra: A experiencia de desenvolver prácticas na Aula Hospitalaria do Hospital Álvaro Cunqueiro representou un profundo aprendizaxe tanto a nivel profesional como persoal. Esta experiencia permitíume

desenvolver habilidades esenciais para a miña futura práctica profesional. A capacidade de adaptación, a xestión emocional, a comunicación efectiva

Poema feito por Antonio.

*Non esquezamos o camiño
do que tras moitas dores vimos
se queremos que teña sentido
o día a día que construímos.
Orgullo da aula hospitalaria
do Álvaro Cunqueiro de Vigo,
onde ir sempre que fai falla
atopar forza e nobre cariño.
Será misión de nenas e nenos
saír explorar ó pasillo
até chegaren aos renos
que dan a benvida ao paraíso.
Atoparán xogos e agarimos,
un lugar ceibe de medo
e cheo de amor e sorrisos
para que todo sexa máis sinxelo!*

Cintia: Traballar na unha experiencia aula hospitalaria fíxome inesquecible, coa que me ser consciente dunha enriquecín tanto como realidade moi mestra como persoa. Só descoñecida: a dos poder estar agradecida alumnos/pacientes de aos rapaces, ás súas saúde mental, que loitan familias e, sobre todo, non só coa súa aos grandes profesionais enfermidade, senón da educación, os meus tamén contra o seu compañeiros, que me illamento social e o seu apoiaron e forman un dereito á educación. Foi equipo marabilloso.

Alba: Antes de comezar discapacidade, xurdiu a as miñas prácticas de idea de traballar con mediación comunicativa, nenos, adaptando tamén non coñecía a aula a aula hospitalaria, e hospitalaria. Buscaba un encantoume a idea. contorno diferente ao Gústame ensinalles con habitual, que adoitan ser pictogramas e lingua de asociacións, e pensei nun signos sobre inclusión e hospital. Como non era sensibilización. Os nenos seguro que houbese amosan gran interese, o hospitalizacións de que fai que as actividades persoas con sexan máis gratificantes.

e o traballo miña vocación docente e a miña en equipo foron conciencia sobre a importancia competencias dunha educación inclusiva e que puiden reforzar ao longo do equitativa para todo o alumnado, prácticum. Ademais, esta inmersión independentemente das súas na pedagogía hospitalaria reforzou a circunstancias.



Os dous comentaristas antes de comezar o debate.

Acalorado debate entre dous afamados comentaristas deportivos e deportistas

O ambiente caldeouse na aula hospitalaria cando coincidiron nesta Leo Fernández e Olivia Fernández admiradores do Barcelona FC e do Real Madrid FC respectivamente

REDACCIÓN / Vigo

Coa mente fría e moi tranquilos entraban na aula Leo Fernández e Olivia Fernández dispostos a defender a súa postura futbolística. Despois de tomar asento e saudarse educadamente, Leo ía ao gran: "Quero rematar pronto e xa comezo dicindo que o esquema de xogo do Barsa é inigualable, o Madrid non tén xogada; pode presumir dalgún xogador rápido, pero nada

máis". "Que dis ho! Entón por que tén o Madrid quince Champions?" -replicaba Olivia



Momento mais tenso do debate.

visiblemente ofendida polo comentario.

Leo puña os ollos en branco sentenciando que "coma sempre, os do Madrid vivindo do pasado" engandindo que "se nos poñemos a vivir do pasado, quen foi o primeiro equipo que gañou un sexteto?".

"Ben, non falemos do pasado-cambiaba de tercio Olivia- o Madrid polo menos non tén chanchullas cos árbitros"

"-Pero que paparruchadas son esas?-exclamaba Leo



sorprendido. "E -engade Olivia- o Madrid vai acabar gañando a liga, apóstоче o queiras. E, na final da Copa do Rei, que vai ser Madrid-Barça seguro, aí voute chamar e vouche refregar na cara o título"- sentenciaba moi segura das súas verbas, mentres Fernández respondía cunha gargallada que se oía en todo o hospital.

Despois de que as moderadoras Sara Verea e María Fernández (mestras da aula) chamaran á calma e lembrasen aos participantes que templaran as súas formas, o debate volvía a encamiñarse máis tranquilo e pausado e continuaría dese xeito sobre quince minutos aproximadamente.

Sen nada que salientar, agás un repaso sosegado de comparanzas entre xogadores,



OS DOUS OPONENTES SELAN O FIN DO DEBATE CUN APRETÓN DE MANS.

o público comezaba a aburrirse e prestaba máis atención ás máscaras de Entroido que estaban a facer que aos dous comentaristas. Volvía quentarse o asunto cando Leo Fernández afirmaba: "- E falemos da canteira, non me negarás que é moitísimo mellor a do Barcelona"

-"Mmmmmmmmmmm"-
dubidaba Olivia mirando ao teito e poñendo a man no queixo durante uns segundos que esgotaron a paciencia de Fernández.

-"Mmmmmmmmmmm???"
Como que Mmmmmmm??
-preguntaba este esixindo unha resposta máis rápida da súa

oponente.

Seguían uns segundos máis de silencio e o público levantaba a cabeza, esquecendo as máscaras de Entroido, e poñendo a vista nos dous adversarios.

Mascábase a tensión no ambiente ata que Olivia daba unha resposta: " A ver...-

comezaba aclarando a voz cunha tos nerviosa- canteira, canteira... nin Barcelona nin Madrid. O único que tén unha boa canteira é o Celta."

-"Toda a razón- afirmaba, rotundo, Fernández- Iso cómpromo con todas as letras".

Os dous opoñentes adicábanse un sorriso cómplice, porque, como despois afirmaron ambos: "Antes de nada, somos Celtistas".

O público, emocionado, arrincaba en aplausos para os dous comentaristas, demostrando así que os celtistas eran maioría.

Vovíase ao tema principal do debate cando Olivia reflexionaba en voz alta sobre todas as ligas e Champions gañadas polo Real Madrid.

"Segues a vivir do pasado, Olivia-sentenciaba Fernández- O pasado é pasado. Non che vou negar que o Madrid tén moi boa historia, pero o Barcelona actualmente non tén rival".

-"Vale, Leo, iso vasma volver repetir cando o Madrid gañe a Champions".


O tempo de debate remataba, cando os dous opoñentes pedían a opinión persoal doutro profesional do eido do fútbol, Xían González (7 anos) que se atopaba casualmente entre o público.

Trasladáballe a pregunta e dáballe a palabra unha das moderadoras, "Boas tardes Xían González, xogador de fútbol profesional, un pracer contar contigo neste debate. Despois de escoitar as razóns de ambos oponentes, cal é a túa opinión?"

"Ben-comezaba González-creo que é mellor o Barcelona pero eu ser, son do Madrid!"


Os dous contrarios selaban o debate cun apretón de mans amosando respecto e admiración respectivamente.

A enfermeira camaleónica. Parece a mesma... pero non o é! Atopa todas as diferenzas antes de que se escape á seguinte quenda!




POR MARTINA.

POR MARTINA.



Une os puntos e protéxete. Une os puntos para descubrir un oxbeto moi útil para coidarnos.

SudoCura.




POR MARTINA.

Humor en Urgencias.



POR MARTINA.



A Sopa do Doutor Letras.



APÓSITO
TÉRMÓMETRO
HOSPITAL
XARABE
VIRUS
XIRINGA

Labirinto. Atopa a saída do labirinto para que a vacina che axude a recuperar forzas.

Crucigrama. Hospital e Aula en xogo!



POR MARTINA.


Hora de debuxar. Dálle cor aos obxectos do hospital seguindo os números e fai que todo se vexa máis alegre.

Horizontais:

- 4. Profesionais que coidan a nosa saúde (plural).
- 5. Animal que ás veces aparece nos pixamas ou nas pantallas do hospital.
- 7. Vehículo con luces e sirenas que trae pacientes ao hospital.
- 9. O lugar onde imos estudar no hospital.
- 10. A materia na que se aprende a sumar e restar.


Verticais:

- 1. Obxecto que usamos para pintar ou escribir (plural).
- 2. Algo que levan os médicos na cara (antes da pandemia xa era famoso!).
- 3. O que fan os nenos e nenas cando aprenden xogando.
- 6. O que sentimos cando nos curamos e saímos do hospital.
- 8. Onde dormen os pacientes no hospital.



POR MARTINA.

Solucións





12 de xuño de 2025

Fundado en 1853 por don Ángel de LEMA

FARO da escola

© FARO DE VIGO, S.A.U. • Prohibida toda reprodución a efectos do artigo 32.1 párrafo segundo, de la Ley de Propiedad Intelectual. Esta publicación no puede ser reproducida, ni en todo ni en parte, ni registrada en, o transmitida por, un sistema de recuperación de información, en ninguna forma ni por ningún medio, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electroóptico, por fotocopia, o cualquier otro, sin el permiso previo por escrito de la editorial.



ISSN 1131 - 8163 D.L.: PO-1519-58

Unha vida adicada ao coidado e á ensinanza

Desde as aulas de educación infantil ata as habitacións do hospital, Chus dedicou a súa vida a ensinar e coidar. Nos últimos anos, traballou como mestra de atención hospitalaria e coordinadora de atención educativa domiciliaria. A súa traxectoria reflicte paixón pola ensinanza e o coidado

RAQUEL/ Salvaterra de Miño

- Que te motivou a traballar na Aula Hospitalaria?

- Pois non o sei moi ben, pero si que desde sempre o tiña en proxecto, penso que rondaban as ganas de descubrir como sería ser profe das nenas e nenos que non podían ir aos seus coles e ían a un “cole de hospital” que eu imaxinaba como moi especial e diferente (e a min “o diferente” sempre me gustou moito, polo que aporta).

- Que desafíos atopaches traballando neste entorno e como os superaches?

- O maior de todos foi ter que facer un reseteo total: de levar sempre as xornadas programadas, aquí tes que entender que non hai dous días iguais, porque case nunca sabemos cantas nenas e nenos imos ter na aula ou nas habitacións, nin de que idades e características, etc.

- Como viches cambiar a educación hospitalaria e domiciliaria nestes anos?

- Diría que foi un cambio moi grande: o primeiro ano que eu cheguei, no curso 2020-21, comezamos a ser tamén a sede dos profes que van aos domicilios e se pasou de ser dúas profes a un equipo de... catorce!

Outro cambio importante foi nese mesmo curso o tema dos



Raquel e Chus. / FIRMA

espazos, xa que nos trasladamos á aula actual, moito máis ampla e luminosa, con baño incorporado, etc, quedando a anterior de sala de profes.

E o curso pasado, ao comezar a funcionar na planta 2 a unidade de saúde mental infanto xuvenil, tamén se ampliou o noso cometido.

Neste curso actual somos dúas profes de hospitalaria que atendemos á aula da planta 3 e as habitacións do alumnado que non pode acudir á aula, tres de domiciliaria que van ás vosas casas e ao hospital de día da planta -1, e tamén fan apoio na AH, e unha profe que dá clase na planta 2 e no HDIX Nicolás Peña.

- Que consello lle darías ao profesorado que comeza neste campo?

- O primeiro que lles diría (e lles digo) e que é un traballo moi intenso pero moi fermoso e temos moita sorte de vivir esta experiencia, pese a todos os medos iniciais. Iso si, tamén temos que contar con “reinventarnos” como profes, todo un reto!

- Que pensas facer agora que te vas xubilar? Tes algún plan especial?

Siii, teño moositos plans: quero aprender sempre cousas novas, de momento relacionadas coa música, tamén viaxar moito, ler tantos e tantos libros que teño sempre

pendentes, ter algunha ocupación na que poda axudar ou ser útil e poder adicarlle moito mais tempo á miña familia e á xente que quero.

- Que é o que máis vas estrañar do teu traballo?

- Todo, Raquel! Vovos estrañar moitísimo a vós, sobre todo, e tamén moitísimo ás miñas compañeiras e compañeiros, porque sempre facemos “piña”, querémonos moito e compartimos moitos momentos especiais...

- Tes algunha anécdota especial que recordes con cariño?

- Teño moitas, non sei se sabería escoller... igual das habitacións o día que fun a unha e había dous cans

enormes e bonachóns porque a nai da pequena tiña unha gran discapacidade visual.

E na aula, sen dúbida, a máis divertida foi o día que se argallou un concerto de profes e alumnado, porque foi máxico!

- Se puideras dar unha mensaxe ao alumnado e familias que pasan por aquí, que lles dirías?

- O que sempre lles digo: pese a que estar no hospital non é algo que pida ninguén, temos que facer o esforzo de pensar en todo o que imos aprender da experiencia, en todas as persoas que coñecemos aquí, en todo o que logo valoramos estar ben...

E penso que se cumpre ben o recado, porque nos chegan moitas visitiñas de alumnado e familias, e nos din que recordan a súa estancia con moito cariño.

- Se puides describir o teu paso pola Aula Hospitalaria nunha palabra, cal sería e por que?

- Pois... creo que como sempre tiven a certeza de que ía traballar da man do corazón, o que me vén á mente é a palabra felicidade, porque de todos os anos que levo de profe, sen dúbida e a pesar dos momentos duros, que tamén están aí, xa para sempre tamén, estes foron os máis fermosos e plenos.